



FIIC

XOVES 9
CIDADE DAS TIC
DE 13.00 A 14.00

A IA NA PRODUCCIÓN AUDIOVISUAL

CON
ÓSCAR OLARTE

Un repaso polo estado da arte e as principais ferramentas que empregan IA para acelerar tarefas específicas en preproducción, produción e posproducción.

Dende creación de guións, story boards e concept arts acelerados por IA, ata a creación de escenarios virtuais integrado en manexo de Production Asset Management e todo tipo de ferramentas de posproducción como background removal, rotoscopia por IA, Motion Capture, deep fake, entre outros.

A IA como ferramenta para que os artistas creadores poidan alcanzar os seus obxectivos máis fácil e rapidamente, con flexibilidade e control.

ÓSCAR OLARTE. Estudou Ciencias Económicas e Empresariais en Madrid, é Cofundador de MR Factory, onde tamén foi CEO durante máis de 30 anos. Está especializado en innovación, deseño, produción e despliegue de contidos e solucións multimedia a gran escala para resolver necesidades de formación, comunicación, marketing, publicidade e entretemento. Nos seus inicios, o seu principal obxectivo foi o desenvolvemento e posta en marcha de simulacións CPT/CBT para a industria aeronáutica civil e militar, e continuo neste campo durante máis de 20 anos. Durante este tempo, a empresa converteuse en pioneira na produción virtual para a industria televisiva e cinematográfica dende comezos dos 90, tendo deseñado, desenvolvido e implantado grandes proxectos multimedia para empresas Blue Chip. A súa experiencia en deseño de produción, produción cinematográfica, efectos visuais 3D e VFX, desenvolvemento de xogos, implantación de sistemas multimedia informáticos e composición musical, entre outros campos relacionados coa Economía Maker permitiu a MR Factory deseñar e desenvolver grandes proxectos relacionados cos xemelgos dixitais e o metaverso.